

NIF: G15310667

## **ACTA ASAMBLEA ORDINARIA DE SOCIAS E SOCIOS DA ANPA A FERRADURA 21/11/24**

Convocouse a todos os socios e socias a unha ASEMBLEA ORDINARIA da ANPA 'A Ferradura', a celebrar no Salón de Actos do CEIP Pío XII o xoves 21 de novembro ás 16.00 horas en primeira convocatoria e ás 16.30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea ordinaria do 7 de maio de 2024 (Acompáñanse en adxunto copia da acta, polo que non se realizará lectura. Se houbera consideracións que chegar poderán realizarse no debate deste punto con anterioridade á súa votación).
2. Exposición e aprobación, se procede, do Balance de Ingresos e Gastos do curso 2023-2024
- 3.- Actualización da composición da Xunta Directiva. Ratificación da designación de tesoureira/o e incorporación de novos/as integrantes
4. Aprobación, se procede, da autorización ao presidente para acordar e asinar coa entidade bancaria da ANPA unha nova póliza de xestión de cobro que amplíe as actuais marxes económicas de dispoñibilidade asociadas á conta bancaria da asociación
5. Informe sobre o Consello Escolar e iniciativa ENAPA (Escola de NAis e PAis)
6. Rogos e preguntas.

A xuntanza abre a súa sesión ás 16.30 horas coa asistencia de 17 socios e socias (acompáñase listaxe en documento adxunto).

### **Punto 1. 1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea ordinaria do 7 de maio de 2024**

Aprobada por unanimidade

### **2. Exposición e aprobación, se procede, do Balance de Ingresos e Gastos do curso 2023-2024**

Aprobada por unanimidade

### **3.- Actualización da composición da Xunta Directiva. Ratificación da designación de tesoureira/o e incorporación de novos/as integrantes**

Por unanimidade. Apróbase o nomeamento de Almudena Alonso Ferreiro. Asume o cargo logo da renuncia de Laura Míguez Pérez

**NIF: G15310667**

**4. Aprobación, se procede, da autorización ao presidente para acordar e asinar coa entidade bancaria da ANPA unha nova póliza de xestión de cobro que amplíe as actuais marxes económicas de dispoñibilidade asociadas á conta bancaria da asociación**

Aprobado por unanimidade

**5. Informe sobre o Consello Escolar e iniciativa ENAPA (Escola de NAis e PAis)**

Dáse conta de diversas cuestións relativas ao Consello Escolar, entre as que se atopa a posibilidade (pendente de validación polo Claustro) dunha xornada o martes anterior ao Entroido na que as familias poidan participar na elaboración de disfraces xunto co profesorado titor.

Infórmase igualmente o inicio das actividades do Club de Lectura de Adultos, cuxo inicio de actividade está previsto para decembro e do que se dará conta oportunamente para que todas as persoas interesadas se poidan sumar. Están convidados proxenitores e profesorado. Do mesmo xeito, dará os seus primeiros pasos a Escola de NAis e PAis (ENAPA).

Tamén se solicita apoio, pola necesaria implicación das familias, para un Proxecto de Inclusión Educativa, cunha primeira proposta por parte de profesorado de infantil destinado á mellora da convivencia e o benestar emocional.

Tamén se propón recuperar a celebración da Feira Científica, a desenvolver de cara ao vindeiro curso 25/26.

**6. Rogos e preguntas.**

Neste punto queda constancia expresa, unha vez máis, da profunda preocupación sobre a utilización do proxecto Edixgal ao tempo que se relatán múltiples exemplos da utilización dos equipos informáticos a disposición do alumnado de 5º e 6º para fins non didácticos ou educativos e ante os que resulta imposible por parte das familias facer un control exhaustivo dos contidos e aplicacións utilizadas polo alumnado.



Os asistentes concordan na necesidade establecer mecanismos de control e de regulación que garantan un uso razoable e con fins educativos efectivos dos equipamentos informáticos. Tamén se urxe a necesidade de debater co centro a posibilidade de renovar en cursos vindeiros a adscrición do colexio ao proxecto Edixgal.

Entre as propostas para tratar de achegar solucións propónse a realización dun rexistro ou recompilación de malas prácticas que o alumnado realiza do ordenador

**NIF: G15310667**

tanto na propia aula como fóra dela. Incídese na necesidade de limitar o acceso a determinados contidos ou aplicacións e de calquera outra medida que profunde nun uso razoable e saudable da tecnoloxía.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.45 horas

	
Ado. Secretario	Vº Bº Presidente
Roberto D. Castro Sieiro	Borja Suárez Fuentes

